



EXPEDIENTE 87/2020.-

ANUNCIO

**LISTA ÚNICA DE CALIFICACIÓNS DA PRIMEIRA PROBA DO PROCESO
SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DE UNHA BOLSA DE ARQUITECTO
TÉCNICO. FUNCIONARIO INTERINO**

	APELIDOS E NOME	DNI	CALIFICACIÓN NUMÉRICA
1	ANIDO PUENTE, ANA	***7809**	5,06
2	BARCIA RODRÍGUEZ, ANA CELIA	***3458**	5,57
3	CASTIÑEIRAS LESENDE, ANA	***8430**	NON APTA
4	CORES HERMIDA, NATALIA	***2953**	NON APTA
5	FERNÁNDEZ LAMAS, MARÍA JOSÉ	***8673**	NON PRESENTADA
6	FERREIROA GONZÁLEZ, JOSÉ MANUEL	***6373**	6,30
7	GÓMEZ FRESCO, ARACELI	***8257**	NON PRESENTADA
8	IGLESIAS GONZÁLEZ, JAVIER	***5378**	NON PRESENTADO
9	MARTÍNEZ RUIBAL, JUÁN ANTONIO	***2706**	NON PRESENTADO
10	MORGADE POUSO, NURIA	***8362**	5,55
11	PARDO BESADIO, XURXO	***7527**	NON APTO
12	PEREIRAS CAMBÓN, CÉSAR	***6003**	6,97
13	TACÓN VIDAL, ALBA	***2649**	NON PRESENTADA
14	TEJO FUENTES, BELÉN	***8786**	NON APTA

De acordo coa Base 9 das Bases que rexen o proceso selectivo publícase a través de anuncio as notas dos aspirantes convocados quenes poderán presentar as alegacións que estimen oportunas con relación ás puntuacións, no prazo de tres (3) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio.





Infórmase os aspirantes aprobados que quedan convocados para a realización do segundo exercicio que terá lugar o mércores día 12 de agosto de 2020, ás 10.30 horas, no mesmo lugar indicado na primeira proba. Rúa Pazos, 52, Pazos de Borbén, Pontevedra,

Debido á situación xerada polo COVID-19, manterase o protocolo establecido e o cumprimento das normas de distanciamento social durante todo o tempo indicado para a realización da proba.

Durante o desenvolvemento do devandito exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, os/ as aspirantes poderán, en todo momento, facer uso de cuantos textos legais (NON COMENTADOS DOCTRINAL ou XURISPRUDENCIAMENTE) consideren necesarios, e dos cales deberán ir provistos á hora e lugar sinalados. Todo texto legal que non cumpra as condicións fixadas será retirado polo Tribunal Cualificador. Poderase acompañar, do mesmo xeito, calculadora práctica (non financeira, de gráficos ou científica).

O Protocolo de actuación para a realización do proceso selectivo aprobado polo Concello de Pazos de Borbén, indícase a continuación:

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

1.- Os aspirantes convocados aceptarán coa súa comparecencia no chamamento que se responsabilizan do cumprimento das medidas de prevención e hixiénico – sanitarias establecidas polas autoridades sanitarias, en particular asumen non presentar sintomatoloxía compatible coa enfermidade COVID-19 nin estar en contacto directo con persoa confirmada ou probable de COVID 19 nos últimos 10 días.

2.- Os aspirantes aceptarán coa súa convocatoria que, durante a súa permanencia nas instalacións do Concello de Pazos de Borbén, cumprarán coas instrucións de seguridade relativas ao COVID-19, que se relacionan ou calesquera outras indicacións que se acheguen en cada momento polo persoal municipal ou membros do tribunal.

3.- Aqueles opositores que teñan síntomas compatibles co COVID-19, aqueles aos que se lles diagnosticou a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou os que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19, atendendo ás indicacións das autoridades sanitarias, NON poderán acceder ás sedes dos tribunais para realizar os exames.

4.- A entrada ao edificio realizarase de maneira graduada, seguindo as pautas que se indicarán no chamamento. O acceso será realizado mantendo a distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

Non se permitirá a entrada de ningunha persoa, xa sexa opositor ou membro do Tribunal ou persoal de administración e servizos que non veña provisto da súa propia máscara





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

protectora, que deberá cubrir boca e nariz, que deberá ser utilizada en todo momento.

Só se permitirá o acceso ao edificio aos opositores que realicen a proba e persoal implicado no desenvolvemento das probas. Impedirase o acceso ás instalacións das persoas acompañantes.

5.- Os opositores deberán aproximarse á porta de entrada no Concello na hora do chamamento. Procurarán en todo momento gardar a distancia de seguridade, sen apresurarse nin provocar aglomeracións. Deberán ter a súa disposición bolígrafo e DNI para a correcta identificación e realización da proba.

Disporase de dispensadores de xel hidroalcohólico tanto á entrada como á saída, deberéndose proceder ao lavado de mans con solución hidroalcohólica.

Daranse indicacións para que os opositores se despracen ate o lugar de celebración da proba e ocupen os asentos que se indiquen, gardando a distancia de seguridade.

6.- Unha vez na zona establecida para a realización da proba, restrinxiranse as saídas e entradas da aula ás que sexan imprescindibles (enfermidade, necesidades fisiolóxicas...). Cando isto suceda os opositores deberán manter a distancia de seguridade en todo momento.

No caso de que un opositor finalice antes da conclusión do tempo fixado para o exercicio, a recollida do exame realizarase directamente na mesa do opositor polos menos do Tribunal, a cuxo efecto realizará unha indicación de finalización polo propio opositor.

7.- Unha vez concluído o tempo fixado para a realización do exercicio, os opositores deberán esperar no seu sitio ata ser chamados por un membro do Tribunal, para entregar directamente o seu exame. O órgano de selección facilitará as condicións de recollida ou entrega de exames.

A saída, unha vez realizada a entrega do exame será pola porta que lles indiquen a responsables da aula de maneira ordenada, respectando as normas de distanciamento de 1,5 metros, ata o exterior do edificio. Os opositores non se deterán a conversar, abandonando as instalacións o máis rápido posible.

8.- En caso de prestar síntomas de Covid-19 (tose, febre, dificultade respiratoria...) mentres está nas instalacións, a persoa afectada será levada a unha sala illada, designada previamente. Esta sala contará con xanelas para a súa ventilación e papeleira con tapa accionada a pedal.

De acordo co protocolo previsto, facilitaráselle unha máscara e chamarase ao teléfono de atención ao Covid-19 da Xunta de Galicia. Salvo contraindicación, procederase á súa evacuación coa maior rapidez posible.

9.- As medidas contidas no protocolo poderán ser adaptadas se atendidas as circunstancias no proceso particular (número de opositores, condicións das





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

instalacións...) podan ser indicadas outras máis axeitadas para garantir a seguridade e a correcta organización do proceso.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: T74FPF7W7NMGTKCCNETLYXC92 | Corrección: <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4